



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 3 d AGOSTO DE 2016

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do día tres de agosto de dous mil dezaseis, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnense os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTA ANTERIOR.-

Dase conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con datas 5 e 30 de maio de 2016.

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunhas as mesmas son aprobadas por unanimidade na forma en que están redactadas.

2º.- CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para dar conta da proposta de axudas a conceder a entidades e clubs, explicando que propónse un incremento respecto a outros anos de máis dun 35% sobre o total e dí que xa se lles explicou ós membros da Corporación que existía un error numérico na proposta e que rectificouse a mesma.-

Explica que as bases aprobadas conteñen criterios moi claros e definidos, criterios obxectivos o que facilita a valoración.

Que se inclúen dous colectivos que antes non se incluían porque tiñan convenio (unha entidade deportiva e outra de acción social)

Que propónse repartir o 85% da partida.- Que o que se fai é dividir o importe da partida entre tódolos puntos que se conceden ás asociación e clubs, co que supón tanto importe por punto e se multiplica polo número de puntos de cada entidade.

Dí que presentaron solicitudes tres entidades deportivas máis que outros exercicios (Club O Muíño; TelecorSalnés e Mamis Arnelas); que nas puntuacións tivéronse en conta o número de socios, fichas federadas, e nivel e categorías deportivas.

Hai unha categoría de patrocinios que é unha novidade e puntuáronse deportistas concretos para actividades concretas.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Respecto ás entidades sociais indica que se conceden axudas a entidades que aínda que non estén rexistradas no Concello que sí atenden a usuarios de Ribadumia (como Esperanza Salnés e Banco de Alimentos), e que Protección Civil ten unha axuda nominativa no Orzamento.

Fae unha comparación coas axudas concedidas ás entidades nos anos 2014 e 2015 e indica que queda demostrado que se incrementan as axudas a conceder neste exercicio.

A continuación toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e dí que esta proposta non é a que se pasou á Comisión Informativa e hoxe se lles dixo que se ían a modificar porque existía un erro e acaban de ter acceso a esa información; que na Comisión non se lles mostraron os documentos nos que se basan a puntuación; que non teñen información para dar a súa aprobación.-

Lembra que no ano 2015 concedéronse unhas e logo en febreiro aprobáronse outras.- Que non se respecta os órganos de funcionamento; que as comisións informativas son para informar a proposta que vai tratarse en pleno e que de forma sistemática vense modificando as propostas.

Que a postura do P.P. hacia o deporte é clara, e que se promociona Ribadumia máis alá do término municipal.

Dí que chama a atención que haxa unha asociación que ven recibindo case como a Agrupación Músico Cultural cando esta ten unha escola de formación enorme (unha área de cultura e outra de formación).

Respecto ás axudas a entidades deportivas decíase que se incrementaba a partida e dí que non se nota; que o Clube Umia recibe a mesma cantidade cando ten unha categoría feminina tamén, cos gastos que supón e non se ve recompensado a pesar de que supón máis gastos.- Engade que as axudas veñen tarde; que o ano pasado se concederon en xullo (e logo se incrementaron en febreiro); que retrasouse a celebración do pleno, como ven sucedendo sempre.

Indica que se conceden unhas axudas que se basan unhas bases e que deberían ser calificadas por un técnico e acreditado cunha firma e ó non ser así ofrece dúbidas de como se está a realizar o reparto e por último non entende que se reserve o 15% da partida o que quere decir que logo se fará un reparto aleatorio, sen seguir as bases.

Remata dicindo que xa que recibiron unha información distinta do que se dixo na Comisión Informativa, non teñen criterios para darlle a súa aprobación.- Insiste en que as axudas concedense tarde e tamén en que se asine convenios cos clubs para saber con que poden contar e as asociacións culturais tamén que se analice esa posibilidade e non se den casos como a Agrupación Músico Cultural que reciba tanto como outras que fan menos actividades.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e dí que dixo poucas verdades; e lembra que no ano 2014 (axudas concedidas polo P.P.) a Agrupación Músico Cultural e a Herminio Barreiro recibiron 1.000 euros cada unha.-

Que xa explicou que o cambio a que se refire respecto da información facilitada na Comisión se trata dun erro numérico e pensa que si non o dixera seguro que non se enteraban, pero foi un erro; que a partida era de 20.000 euros e se calculou o 85% sobre



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

18.000 e non sobre 20.000.- Lembra que a Comisión Informativa leváronse tódolos expediente e se lles dixo se querían examinalos e o único que propuxeron foi si se facía ou non outra Comisión informativa (a de eventos) para conceder unha axuda.

Dí que lle molesta que se poñen en dúbida o traballo dunha empregada municipal cando tivo inclusive que vir algunhas tardes para poder valoralas (a Sra. Peña preguntou quen fixera o cálculo das valoracións e se lle dixo); que nos expedientes do ano 2014 e dos anteriores non figuran informes dos técnicos e nin siquera puntuacións.

Lémbrale ó Sr. Serantes Alvarez que a categoría de Umia feminino non se constituíu o ano pasado senon no ano 2012 e dende o ano 2014 o clube estivo en primeira categoría; que hai que buscar excusas para non aprobar as axudas e insiste en que se les avisou do erro numérico e que se lles chamou por teléfono porque hoxe non funcionou internet.- Engade que as bases estiveron expostas ó público e non fixeron ningunha reclamación contra as mesmas nin ningunha proposta, e dí que se reserva o 15% da partida por se hai algún evento ou algún deportista vai competir fora, ou algún outro imprevisto.- Respecto á sinatura dos convenios dí que o P.P. estivo 15 anos gobernando e tiveron moito tempo para facelos.

O Sr. Serantes Alvarez dí que o feito de que non lle guste o que di non quere dicir que sexan mentiras; pero o que dixo son datos obxectivos non mentiras; que non se respectan os órganos informativos; que eles viñeron sen saber a proposta definitiva, que solo se lles avisou de que variaba a cantidade a repartir de 15.300 e 17.000 euros e está relatando datos que son verdade.

A Sra. Martínez Troncoso dí que respecto das axudas as festas parroquiais abriuse un novo prazo para que soliciten as as comisións de festas que non tiñan presentado solicitude e fixeron a proposta e o P.P. votou a favor e insiste en que sí lle da a volta a verdade para sembrar dúbidas.

A Sra. Peña Muñiz e o Sr. Alvarez Serantes din que non van a consentir que lles diga que minten.

A Sra. Moimenta Otero dí, respecto as axudas a festas parroquiais, que antes as axudas concedíanse sen puntuar as solicitudes e que agora se faen as cousas doutra maneira; que hai unhas bases, hai que presentar solicitudes e estudiaaron para amplialo prazo; que se implantou este ano e por iso déronse 15 días máis.

O Sr. Oubiña Lago dí que nas Comisións informativas poden solicitar toda a documentación que queiran; que o informe que se lles presenta da vinte voltas ás propostas que se lles presentaba en anos anteriores; que se da conta da fórmula numérica e de cómo se valora.- Que está claro que o que sucede é que o P.P. non vai aprobar unhas axudas que supoñen un incremento respecto de anos anteriores; que non van a votar a favor de que se concedan estas axudas e engade que non lle parece lóxico que se este comparando as entidades unhas con outras.-



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

O Sr. Alvarez Serantes aclara que él fixo a comparativa para primar á Agrupación Músico Cultural e non para rebaixar a proposta de axuda a ningunha outra, e aclara que está en contra do procedemento, non de que se concedan as axudas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que non esperaban que apoiaran a proposta; que é unha proposta respectuosa, traballada, sensata e posiblemente mellorable, pero que é moi superior á de anos anteriores.- Que non lles colle por sorpresa que non recoñezan a labor ben feita.

Expón que hoxe se reparten 59.000 euros; que o equipo de goberno mostra un absoluto respecto polo traballo que veñen facendo entidades e clubs e que seguramente merecen máis axudas, pero que son os cartos que hai; que se reparten 20.000 euros para entidades culturais e 34.000 para entidades deportivas; que se incrementa un 36% respecto a anos anteriores; para entidades deportivas se repartían 16.000 euros e agora se reparten 25.000 e para culturais se viñan repartindo 9.000 e agora se reparten os 20.000 e 5.000 para entidades sociais; que a realidade é que agora se conceden máis axudas e dunha forma máis equilibrada e sensata.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis abstencións (P.P.) acorda: **Conceder, subvencións** ás Asociacións e entidades que se indican a continuación, polo importe que así mesmo se reseña, e acordando a revisión das cantidades que se outorgan unha vez xustificadas as actividades para as que se solicita axuda, e realicen máis actividades, ata o total do remanente das partidas presupuestarias existentes:

Subvencións no Eido do DEPORTE:

ENTIDADE	IMPORTE
CLUB NAÚTICO PIRAGÜISMO O MUIÑO	6.757,56€
UMIA C.F.	8.303,41€
C.D. RIBADUMIA	8.951,20€
CLUB RIBADUMIA DE TENIS DE MESA	898,06€
CLUB SALNÉS PADEL	494,67€
SOCIEDADE DE CAZADORES DO SALNÉS (TECOR)	197,28€
CLUB MAMIS ARNELAS F.C.	1.001,12€



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Subvencións no Eido do Deporte- PATROCINIOS:

D. MARIO NOYA SINEIRO	631,30€
D. ROBERTO NOYA SINEIRO	631,30€

**Subvencións no Eido da CULTURA, EDUCACIÓN E PROMOCIÓN
ECONÓMICA:**

ENTIDADE	IMPORTE
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE BARRANTES	1.676,46€
ASOCIACIÓN GASTRONOMIA E CULTURAL FESTA DO POLO	1.075,69€
BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADUMIA	1.755,61€
ASOCIACIÓN CULTURAL HERMINIO BARREIRO	2.236,63€
AGRUPACIÓN MÚSICO CULTURAL DE RIBADUMIA	2.362,46€
ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO TEATRO ALECRÍN	1.278,65€
ASOCIACIÓN XUBILADOS A SENRA	811,84€
ASOCIAC. CULTURAL,DEPORTIV. GASTRONÓMICA PÉ DE CUBA	1.144,70€
ASOCIACIÓN CULTURAL TRASNOS DO SALNÉS	1.156,88€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS DEMOS DA PETACA	50,74€
ANPA CRA DE RIBADUMIA	1.217,77€
ANPA CPI JULIA BECERRA MALVAR DE RIBADUMIA	2.232,57€

Subvencións no eido de ACCIÓN SOCIAL E OUTRAS:

ENTIDADE	IMPORTE
ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS	1.219,57€
FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	2.180,43€
AGRUPACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL	2.500,00€

-



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3º.- CONVENIO COS ECOLOXISTAS PARA A CESIÓN DE USO NON EXCLUSIVO DO REFUXIO DE PESCADORES.-

Toma a palabra o Sr. González Lede para dar conta do Protocolo de Colaboración entre este Concello e o Colectivo Ecoloxista do Salnés e explica que se trata dun protocolo que se redacta para darlle uso ó Refuxio e para axudar á asociación que quedáronse sen local onde poder ter os materiais e utensilios.-

Dí que se intenta crear un marco claro e definido para que haxa unha estabilidade para desenrolar este protocolo; da conta detallada do contido do protocolo e aclara que o local se cede o uso, pero non en exclusividade e que poderáse continuar utilizando para as probas do Club Náutico, para árbitros, etc, e que o Colectivo asesorará ó Concello en materia ambiental con persoal cualificado e poderáse valorar tamén que cedan os informes e documentos máis importantes dos traballos realizados por dito colectivo; que se trata de ceder o uso dunha instalación e poder disfrutar de servizos deste Colectivo e aproveitar o persoal voluntario con que conta e lle gustaría que se a aprobación fora unánime.

A SRa. Peña Muñiz di que están de acordo en que se lles de un uso ó local, pero non en que se lles ceda a este Colectivo; que hai asociación locais que carecen de local e entende que sería mellor que houbera unha convocatoria pública para que calquera asociación deste Concello poida utilizalo; que calquera asociación fae moito traballo en beneficio dos veciños de Ribadumia e todas teñen dereito ó uso deste local, incluso máis que este Colectivo;

O Sr. González Lede insiste en que non se cede o uso en exclusividade e que as asociación tamén o poderían pedir para facer reunións ou que sexa, pero tense constatado que ata agora só se uso polo Náutico en días de realización de probas; explica que o Colectivo Ecoloxista é unha asociación comarcal, con presenza en medios de comunicación, que conta con profesionais e que ten máis de 15 anos de implantación na comarca e experiencia .

A SRa. Peña Muñiz dí que o P.P. non está en contra, pero que se de oportunidade ás asociación do Concello para que o usen (xa que faen actividades de forma desinteresada a favor dos veciños de Ribadumia) e que se de oportunidades de uso a todas.

A Sra. Martínez Troncoso dí que unha asociación solicitou un local para clases de baile anteriormente e non se lles concedeu; e que ata o momento hai outro grupo de país e nais que solicitaron un para realizar actividades e se lles autorizou o uso dun local as horas que necesitan; que ata de agora as asociacións cando solicitan un local e hai disponibilidad se ven concedendo; este non o solicitou ninguén.

A Sra. Peña dí que unha cousa é que as asociacións pidan un local días determinados e iso sempre se cedeu e aquí se trata de que o CES vai a ter un local de forma permanente e



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

hai asociacións que tamén necesitan un local, xa que moitas delas teñen que levar os seus membros a documentación para a súas casas.

O Sr. Oubiña Lago lembra que non é a única asociación que utiliza un local; que hai outras que teñen chaves dos locais e demáis e nunca se abriu un prazo para que o solicitaran; que se lles recoñece a súa labor das asociacións e se lle axuda; que polo menos agora hai un protocolo e hai outras asociacións que usan locais e non hai nada asinado.

A Sra. Peña Muñiz dí que sempre se colaborou coas asociacións e con esta en concreto tamén, con loxística; solicita que se abra un procedemento para que tódalas asociacións podan optar ó uso de locais.

A Sra. Rey Pérez dí que ven ben que os partidos pasen á oposición para acordarse das asociacións; hai unha sinal que pon Aula de Interpretación de Natureza e non se tiña dado uso, só poñerle o cartel, e agora vaise a dar uso con algo relacionado coa natureza e medio ambiente e é incoherente o que están dicindo.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que xa se lles dixo varias veces que non é uso exclusivo e por máis que se lles diga non o van a aprobar; lembra que no refuxio investíronse case 90.000 euros para Aula de Interpretación da Natureza (dese 16.000 euros para pantallas e equipamento informático) e cando chegou o actual equipo de goberno estaba case en estado ruinoso; en canto ó de facelo extensible a tódalas asociacións di que non lle consta que ata de agora se lle teña negado ningún local a ningunha asociación; que as contraprestacións que prestan son importantes para Ribadumia e insiste en que calquera asociación podería utilizalo

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos (I.R. e Grupo Mixto) e seis votos en contra (P.P.) acorda: 1º.- Prestar aprobación ó Protocolo de colaboración entre o Concello de Ribadumia e o Colectivo Ecoloxista do Salnés, do contido literal que se indica; e 2º.- Facultar ó Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a sinatura do documento correspondente.

***PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O
CONCELLO DE RIBADUMIA E O COLECTIVO ECOLOXISTA DO SALNÉS
REUNIDOS***

*Dunha parte, **D. David José Castro Mougán**, con DNI 35.458.452-L, Alcalde Presidente, no nome e representación do Concello de Ribadumia.*

*Doutra parte, **Dna. Marta M^a Lois Silva**, con DNI 76861044N, Presidenta do Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES), co CIF G_ =00000000 e na súa representación.*

Recoñecéndose ambas partes capacidade legal para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- *Que é vontade do Concello de Ribadumia, a través da Concellaría de Parques, Limpeza e Medio Ambiente, colaborar co Colectivo Ecoloxista do Salnés na cesión de uso (non exclusivo) dun local de titularidade municipal, sito na planta superior do antigo refuxio de pescadores, no lugar de Cabanelas, na zona do náutico fluvial do municipio de Ribadumia, e actualmente sen uso específico.*
- *Que é obxectivo do Colectivo Ecoloxista do Salnés establecer en dito lugar a súa sede, onde manter as reunións periódicas da xunta directiva e dos socios do CES e gardar os seus fondos bibliográficos e de arquivo. Así mesmo realizará actividades de educación e de consulta ambiental, dentro do ámbito establecido nos estatutos da asociación.*

Estando o Concello de Ribadumia disposto a falicitar ese obxectivo, e tamén a buscar fórmulas para potenciar as actividades que se desenvolven en Ribadumia, tanto no aspecto da protección da paisaxe e a protección do espazo natural, así como da divulgación e educación medioambiental, o obxectivo deste convenio é establecer un marco de colaboración entre o Concello de Ribadumia e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Este Protocolo de Colaboración permitirá por un lado ao Colectivo Ecoloxista do Salnés dispor dunhas instalacións nas que poder realizar xuntanzas, actividades e manter o seu fondo documental e de arquivo; e polo outro ao Concello de Ribadumia ser beneficiario das accións de divulgación e protección do medioambiente que se acorden a través do desenvolvemento deste Protocolo.

*En base aos obxectivos e vontades anteriormente expostos, os representantes do Concello de Ribadumia e do Colectivo Ecoloxista do Salnés asinan o seguinte Protocolo de Colaboración, na data e lugar abaixo indicados, e baixo as **CLÁUSULAS SEGUINTEs**:*

1. **O Concello de Ribadumia cédelle ao Colectivo Ecoloxista do Salnés o uso non exclusivo das dependencias do REFUXIO DE PESCADORES DE RIBADUMIA**, sito en Cabanelas. O Colectivo terá acceso directo ás mesmas e poderá utilizalas para as súas xuntanzas e actividades, e tamén a modo de sede social e arquivo de documentación. **A duración da cesión de uso do local obxecto deste convenio establécese ata o 31 de agosto de 2019.** O período poderase prorrogar coa correspondente revisión do convenio e co acordo das partes.
2. **O Colectivo Ecoloxista do Salnés, comprométese a facer un adecuado uso das dependencias cedidas;** manténdooas en perfecto estado de conservación, non realizando nin permitindo a realización nas mesmas doutras actividades non establecidas no presente protocolo de colaboración ou alleas ao Colectivo Ecoloxista, dando a adecuada publicidade do carácter público do local, e asumindo as responsabilidades derivadas do desenvolvemento das actividades realizadas polo CES no ámbito deste convenio.
3. **O Colectivo Ecoloxista do Salnés renuncia a solicitar ao Concello de Ribadumia ningún tipo de axuda económica** por ter a súa sede no municipio. Non obstante, de común acordo ambas partes, poderán establecer colaboracións puntuais para a realización de actividades ou accións en defensa do medioambiente.
4. **O Concello de Ribadumia comprométese a estudar todos os informes e suxerencias que o Colectivo Ecoloxista do Salnés presente** en relación a protección da paisaxe e do medioambiente nas obras ou accións que o Concello leve a cabo.
5. **O Colectivo Ecoloxista do Salnés comprométese a organizar cada ano en Ribadumia un mínimo de dúas (2) actividades de divulgación – formación medioambiental** destinadas a veciñas e veciños do Concello de Ribadumia (protección da paisaxe, xestión adecuada de residuos, horta ecolóxica,...). Comprométese tamén, e mentres permaneza en vigor este protocolo, a servir de entidade de referencia á hora de consulta



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

ambiental para as veciñas e veciños, ou entidades municipais de Ribadumia, dentro do marco de acción establecidos nos estatutos do CES.

- 6. O Colectivo Ecoloxista do Salnés cederá á biblioteca municipal de Ribadumia unha copia de todas as publicacións e estudos que realice ao longo do ano.**
- 7. Se o Concello de Ribadumia quixese recuperar o uso das dependencias cedidas, deberá avisar ao Colectivo Ecoloxista do Salnés con alomenos dous (2) meses de antelación a efectos de poder organizar o traslado da documentación.**
- 8. Igualmente se o Colectivo Ecoloxista quixese cancelar a colaboración deberá facelo chegar por escrito ao Concello.**
- 9. O incumprimento dalgunha destas cláusulas será motivo de cancelación inmediata do Protocolo de colaboración, deixando sen efecto o mesmo e calqueira outro acordo que puidese existir ao respecto entre o Concello de Ribadumia e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.**
- 10. O presente protocolo de colaboración entrará en vigor unha sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadumia e a Directiva do Colectivo Ecoloxista do Salnés, establecéndose entre ambas partes o día en que se fara efectivo a disposición das dependencias do Refuxio de Pescadores.**

En proba de conformidade, asinan o presente Protocolo de Colaboración por duplicado e quedándose ao menos unha copia cada unha das partes asinantes, no lugar e data indicado.

4º.- ADOPCIÓN DE ACORDO DE EXENCIÓN DO IBI Ó CENTRO DE SAÚDE.-

Dase conta de que no ano 2008 iniciouse a tramitación da cesión do Centro de Saúde, de titularidade municipal, a favor do Sergas

Lembra o Sr. Alcalde que iniciouse en 2008 (co bipartito na Xunta) e en marzo de 2009 houbo un parón no expediente ata o ano 2012 en que retomouse.- Dende entón realizáronse diversos trámites para a conclusión da cesión e solicitouse diversa documentación por parte do Sergas que foi remitíndose paulatinamente.-

Dase conta que cando entrou este equipo de goberno se insistiu en que se rematara a cesión e solicitaron un certificado do rexistro da propiedade no que figure expresamente que ten carácter patrimonial e está libre de cargas; e a publicación no BOP da regulación da exención do IBI para centros sanitarios.

A semana pasada asinou un Convenio para a cesión, aínda que non era a sinatura da cesión (e Ribadumia é o único que entra dos da comarca porque outros xa están cedidos) e indica que se insistiu en que se finalizara a cesión.

Dado que este Concello vense rexendo en materia de IBI pola normativa xeral consultouse coa Xerencia do Sergas e, en tanto non se redacte a Ordenanza reguladora do IBI (e neste momento non é adecuado xa que se está levando a cabo a regularización catastral), indicouse que se adoptara acordo de exención do IBI para Centros sanitarios e que se recolla na Ordenanza que se redacte ó efecto.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

A Sra. Peña Muñiz manifesta que nos debemos felicitar todos de que por fin o Centro de Saúde pase a ser do Sergas e o diñeiro que custa o mantemento se poida utilizar para outros fins; dí que o outro día traspasaron 29 centros e que a Xunta foi facéndose cargo dos centros segundo tiñan disponibilidad presupuestaria; que cada ano asináronse algúñas cesións e agora a situación económica é mellor e pódese asumir máis; que o equipo de goberno non pode falar de deixadez de funcións, senon que hai que estar contentos.

O Sr. Alcalde dí que é importante que a Consellería se faga responsable das instalación e espera que noutros temas que tamén son competencia da Xunta ou doutras administracións que tamén as asuman.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Acordar a exención do Imposto de Bens Inmóbles para os centros sanitarios.

2º.- Recoller tal exención na Ordenanza fiscal reguladora de dito Imposto sobre Bens Inmóbles que se redacte, á maior brevidade que sexa posible, unha vez finalizados os traballos de regularización catastral que se ven levando a cabo.

5º.- APROBACIÓN INFORME E ADOPCIÓN DE ACORDO PARA ANULACIÓN DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DA OBRA DE "DOTACIÓN DE SERVICIOS EN EDIFICIO ANEXO Ó PAVILLÓN DE RIBADUMIA.-

Dase conta do informe emitido polo Arquitecto que presta servicios ó Concello, en relación co proxecto o obra "Dotación de servizos en edificio anexo ao Pavillón de Ribadumia", do teor literal seguinte:

"Jesús María Dieguez Pazos, arquitecto, a requerimento da Alcaldía e sobre o expediente indicado emite o seguinte

INFORME:

Obxecto do proxecto.-

Definir as obras de construción duns aseos públicos no baixo do edificio anexo ao pavillón polideportivo e crear un novo espazo que resolva a entrada e accesos ás instalación deportivas.

Contido do proxecto.-

No punto 3 da Memoria dise que o proxecto consta dos documentos establecido no artigo 123 do R.D.L.. 3/2011, de 14 de Novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e no punto 14 da Memoria enuméranse os documentos que a componen:



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- *Memoria e catro anexos- Xustificación de presos, Xestión de residuos, Estudio Básico de Seguridade e saúde e Plan de Obra.*
- *Catro planos, de situación, emprazamento, estrutura de cuberta e distribución.*
- *Prego de Prescricións técnicas particulares*
- *Orzamento que inclúe Medicións, Cadro de Prezos nº 1 e 2, Orzamento por capítulos, Orzamento de Execución Material e Orzamento Base de Licitación.*

Incumprimento do proxecto respecto do esixido pola Lei de Contratos do Sector Público.

De acordó co antes citado artigo 123 da Lei, "Contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración", o proxecto aprobado incumpre nos seguintes documentos:

3.1 Memoria

As obras obxecto do proxecto tratan de definir obras na planta baixa dun edificio existente e na súa ampliación, pero a Memoria non recolle os antecedentes e situación previas ás mesmas, datos indispensables para coñecer a situación das instalación de servizos ás que conectar as novas instalación dos aseos públicos, así como o estado e condicións da estrutura da cuberta que se pretende ampliar.

Por outra banda, carece de xustificación sobre a solución adoptada e non concreta nin detalla cales son as obras para executar; carece de cadro de superficies, volumen e xustificación da normativa urbanística, co que se descoñece cal é a superficie e volumen a construír e se a ampliación cumpre os parámetros urbanísticos.

O proxecto carece de Memoria construtiva onde se defina e xustifique o seguinte:

- *Sustentación do edificio*
 - *Sistema estrutural*
 - *Sistema envolvente*
 - *Sistema de compartimentación*
 - *Sistemas de acabados*
 - *Sistemas de acondicionamento e instalacións*
 - *Equipamento*

3.2 Código Técnico da Edificación

Con relación ao CTE, o proxecto definirá as obras proxectadas co detalle adecuado ás súas características, de modo que poida comprobarse que as solucións propostas cumpren as esixencias básicas deste CTE e demais normativa aplicable. O proxecto redactado non fai mención ao CTE e non xustifica o cumprimento de documentos tales como:

- *Seguridade de utilización e accesibilidade*
- *Seguridade estrutural*
- *Salubridade*
- *Protección contra o ruído*
- *Aforro de enerxía*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3.3 Planos

A Lei esixe que os planos de proxecto definan "o conxunto e os detalles necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e os servizos afectados pola súa execución".

O proxecto inclúe catro planos sen escala coa información seguinte:

- *Plano nº 1. Sinala a localización do Concello de Ribadumia sobre o mapa de España e parcial de Galicia.*
- *Plano nº 2. É copia dunha fotografía aérea de parte do municipio, sen máis información.*
- *Plano nº 3. Planta de estrutura, inclúe a estrutura de cuberta do edificio existente. Carece de escala, de cotas e dos detalles necesarios para a súa execución.*
- *Plano nº 4. Planta de distribución, describe a distribución da planta baixa do edificio existente sen sinalar cales son as obras existentes e cales son as incluídas no proxecto.*

Esta documentación gráfica incumpre as condicións da Lei polo seguinte:

- *Non detalla cal é a súa situación concreta, delimitando a área ocupada pola obra.*
- *Non contén planos de replanteo e cimentación.*
- *Non ten alzados, seccións e detalles que definan o novo volume a construír.*
- *Non contén planos nin esquemas das instalacións, nin das redes de servizos existentes.*

3.4 Medicións e Orzamento

Nas medicións inclúense unidades de obra non definidas nos planos e resto da documentación do proxecto polo que se descoñece a súa orixe e xustificación.

Sirvan como exemplo o capítulo nº 3-Estrutura, onde se describen ata 10 zapatas e 9 vigas de atado cando só existen 6 pilares na área proxectada, ou no capítulo nº 6-Albañilería, onde se inclúe a unidade 06.02 para execución de fábrica de ladrillo na Planta alta, cando as obras son só en planta baixa.

E é que ao carecer de Planos e Memoria construtiva, ao non definir as obras de execución, co detalle suficiente, descoñécese a orixe desas unidades de obra complicando e imposibilitando a súa valoración e interpretación durante a execución das obras.

4. CONCLUSION FINAL

O proxecto incumpre o artigo 2 da Lei de Ordenación da Edificación, 38/1999 do 5 de Novembro, por non conter os documentos necesarios para definir e determinar as esixencias técnicas das obras e non xustificar o Código Técnico da Edificación, marco normativo que establece as esixencias básicas de calidade dos edificios de nova construción e as súas instalacións, así como as intervencións que se realicen en edificios existentes.

O proxecto incumpre o artigo 123.1 da Lei de Contratos do Sector Público ao non recoller, xustificar e detallar adecuadamente o obxecto da obra; carecer da



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

documentación gráfica mínima para definirla e detallala; non xustificar o CTE e desenvolver un orzamento en base a medicións de orixe descoñecida que complican a súa interpretación e valoración para a execución das obras.

Por todo iso é necesario reelaborar e completar o proxecto a fin de que cumpra os requisitos legais e sirva adecuadamente para o cumprimento do obxectivo exposto, a construción dos aseos e do edificio anexo ao pavillón polideportivo.

E para que conste, aos efectos requiridos, asino o presente informe en Ribadumia ao 01 de Xullo de 2.016”.-

Documentación necesaria para completar o Proxecto:

Aseos públicos en planta baixa- cafetería:

*Planos: Planta de distribución acotada
 Sección acotada
 Planta red de saneamento e ventilación
 Planta red abastecemento de auga
 Planta instalación eléctrica
 Completar de acordo co deseñado en planos, Memoria e medicións*

Cuberta e accesos:

*Planos Planta de distribución
 Planta de cimentación
 Planta estrutura cuberta
 Planta de cuberta
 Seccións e alzados
 Rede de recollida de augas pluviais
 Instalacións de alumeado e electricidade
 Completar de acordo co deseñado en planos, Memoria e medicións*

Instalacións Pavillón Polideportivo

*Planos Rede de abastecemento de auga fría e quente
Medicións Incluir novas unidades de obra para a rede do Pavillón*

Conxunto:

*Planos Planos de urbanización dos accesos
 Rede de recollida de augas pluviais
 Alumeado público
Medicións: Incluir novas unidades para obras de urbanización*

Tempo aproximado de traballo: 3 semanas

Polo Sr. Alcalde dase conta dos antecedentes da obra e dos trámites do expediente de contratación que estaba en tramitación e nos antecedentes da obra que está levando a



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

cabo a Deputación Provincial no campo de fútbol e que afectan á obra de "Dotación de servizos en edificio anexo ao Pavillón de Ribadumia", que ten que adxudicar este Concello.

Explica que o proxecto aprobouse quince días antes das eleccións de maio de 2015 e a subvención solicitouse o 26 de maio e recibíuse a concesión o día 4 de xuño de 2015.

Por esta Corporación inicouse o procedemento de contratación da obra, coa intención de executala coa maior axilidade posible, aprobándose o prego de clausulas o 14 de xullo e realizando os trámites para a súa contratación por procedemento aberto.

Que unha vez publicado o procedemento e cando as empresas empezaron a visitar a obra para a comprobación das obras que había que executar detectouse que existían erros e que non se axustaba ás obras que había que realizar e estaba incompleto e que neste proxecto podería inxirir con outro que viña executando a Deputación Provincial, polo que solicitouse aclaracións a dito Organismo; mantivéronse varias reunións (a algunhas das cales asistiu a Sra. Peña) cos técnicos, co clube e con responsables da Deputación Provincial e determinouse que había que facer un proxecto modificado da obra que viña realizando.

Que por parte deste Concello procedeuse á apertura dos sobres da documentación administrativa e do correspondente ás melloras, pero paralizouse o procedemento en tanto non se aclararan as dúbidas plantexadas respecto do proxecto que sacouse a licitación.- Que unha vez redactado o modificado da obra que ven executando a Deputación detectouse que o proxecto obxecto de licitación non cumpre nin contén a documentación establecida na Lei de contratos do Sector Público polo que é necesario reelaborar e completar o proxecto a fin de que cumpra os requisitos legais e sirva adecuadamente para o cumprimento do obxectivo exposto, a construción dos aseos e do edificio anexo ó pavillón polideportivo.

A Sra. Peña Muñiz dí que se é preciso reealaborar o proxecto e anular o procedemento que se axilice o máis posible para que se remate en tempo e forma.

O Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R., e Grupo Mixto) e seis abstencións (P.P) acorda:

1º.- Anular o procedemento para a contratación da obra de "Dotación de Servizos en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia", iniciado segundo acordó adoptado con data 14 de xullo de 2015, mediante procedemento aberto, trámite ordinario.

2º.- Que se proceda á redacción da "**Documentación complementaria ó Proxecto de Dotación de Servizos en Edificio Anexo ó Pavillón de Ribadumia**", por un importe total de 173.270,35 euros, máis 36.386,77 euros en concepto de IVE, o que representa un importe total de **209.657,12 euros**, incluída no Plan de Obras e Servizos Provincial de 2015.

3º.- Que a devandito obra, en función da contía e tendo en conta os antecedentes do expediente se contrate, por procedemento negociado sen publicidade, e se invite ó



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

procedemento negociado sen publicidade a tódalas empresas que presentaron proposta no expediente aberto que se anula.

6º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE "RETRASO NA RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES DE SS.SS. NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.-

Dase conta da moción presentada polo equipo de goberno do contido literal seguinte:

"Ribadumia é un concellos que ten o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra como centro de referencia para a tramitación das solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade. Este servizo de valoración atende a toda a zona norte da provincia de Pontevedra, un total de 36 concellos, cunha poboación total duns 375.000 habitantes.

O tempo que ten que esperar, á data de hoxe, un cidadán para recibir a resolución da súa solicitude é como mínimo de 18 meses.

Na actualidade, cítanse para valoración a persoas que presentaron solicitude no mes de outubro de 2014, e existe lista de garda dende fai varios anos. Tense coñecemento que ninguna outra provincia desta Comunidade Autónoma está a sufrir este inxustificado atraso no trámite e resolución de expedientes de solicitude polo mesmo concepto; así o tempo de espera nas outras tres provincias rolda os 6 meses de máximo. Esta circunstancia suón un prexuízo e un trato discriminatorio tanto para a poboación da área de influencia do SErvizo de Valoración de Pontevedra como para os técnicos dos servizos sociais que exercen a súa actividade profesional na zona de influencia do referido servizo. De feito, na exposición de motivos da Orde de 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, faise constar o seguinte:

- *"A lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, establece como competencia da Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos Servizos Sociais especializados, así como a valoración técnica das situación que determinen o recoñecemento do dereito aos servizos e prestacións esenciais de carácter material ou económico, determinado como unha das funcións dos servizos sociais especializados a de valorar, diagnosticar e intervir ante situación que requiran unha alta especialización técnica, e usualmente, interdisciplinar.*
- *O Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a inclusión social, – Neste senso, co obxecto de adaptarse aos últimos cambios normativos e co obxectivo de garantir a máxima axilidade e eficacia nos procedementos de recoñecemento do grao da discapacidade, e coordinación efectiva das unidades dependentes da Xunta de Galicia, especialmente no referente á coordinación necesaria co procedemento para o recoñecemento do grao de dependencia, así como a implementación dos medios técnicos actuais de cara a implantación dos escenarios de tramitación electrónica, así como consolidar os dereitos das persoas con discapacidade, faise preciso aprobar unha nova norma"*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

Esta normativa non se está a cumprir, nin se están a acadar os obxectivos de axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade, sendo o Centro de Valoración de Pontevedra, como xa se dixo anteriormente, un dos que está a sufrir un maior atraso. Isto supón non só un grave prexuízo para os cidadáns que teñen que ser valorados no mencionado Centro, senon tamén un trato desigualitario respecto doutros cidadáns das restantes provincias desta Comunidade Autónoma. Polo exposto, propónse o seguinte acordó:

- *Instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a:*
 - a) *De xeito urxente se artellen as medidas necesarias encamiñadas a resolver a situación arriba descrita, para que se cumpra a normativa vixente e acadar os obxectivos establecidos na mesma.*
 - b) *Que se axilicen os procedementos na provincia de Pontevedra para que o prazo de resolución non exceda ó máximo de 3 meses*
 - c) *Do mesmo xeito, que se equiparen eses procedementos en todo o territorio autonómico, para que se tarde o mesmo tempo en valorar as solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade nas catro provincias galegas.*

Polo Sr. Oubiña Lago dase conta do contido da moción e dos termos da mesma e dí que é un período moi longo de espera e que se trata con persoas con problemas de saúde; que está dándose o caso que nalgúns concellos doutras zonas (como no Deza) algunhas persoas estáanse a empadroar na provincia de Lugo para axilizalo.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e dí que é certo que a provincia de Pontevedra é a que máis se tarda, pero tamén hai que ten en conta que é donde hai máis afectados e que a Xunta xa está tomando medidas para mellorar a atención sanitaria (citas, 012, melloras informáticas) e para que se mellore a valoración do grao de invalidez para poder acadar axudas.-

Dí que o P.P. sempre vai apoiar acordos que sexan para mellorar ós veciños de Ribadumia, aínda que sexa instar á Xunta, ao Ministerio ou calquera outra administración que faga falta, non como o equipo de gobernó.

O Alcalde indica que o responsable é o Partido Popular e hai que melloralo.

O Pleno Municipal, por uanimidade dos Sres. acorda prestarlle aprobación á moción presentada, nos termos indicados e na súa consecuencia:

- *Instar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a:*
 - a) *De xeito urxente se artellen as medidas necesarias encamiñadas a resolver a situación arriba descrita, para que se cumpra a normativa vixente e acadar os obxectivos establecidos na mesma.*
 - b) *Que se axilicen os procedementos na provincia de Pontevedra para que o prazo de resolución non exceda ó máximo de 3 meses*



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

- c) *Do mesmo xeito, que se equiparen eses procedementos en todo o territorio autonómico, para que se tarde o mesmo tempo en valorar as solicitudes de recoñecemento do grao de discapacidade nas catro provincias galegas.*

7º.- MOCIÓN DO P.P. SOBRE CONMEMORACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DO CPI JULIA BECERRA MALVAR.-

Pola Sra. Fandiño Vázquez dase conta da moción presentada polo P.P. relativa ó 50 aniversario da construción do Centro Público Integrado Julia Becerra Malvar, na que expónse que *"nestes 50 anos son gratas as experiencias, vivencias e aprendizaxes de moitas xeracións de ribadumienses que pasaron polo centro educativo e recibiron a súa primeira formación nun centro de referencia, cunha grandísima calidade formativa e humana do seu profesorado; que sendo conscientes da importancia académica e persoal que tivo o centro para moitas xeracións que pasaron polo centro e do importante que será para xeracións actuais e vindeiras, o grupo municipal do Partido Popular propón ó pleno do concello de Ribadumia a adopción do seguinte acordo:*

1. Conmemorar o 50 aniversario do CPI Xulia Becerra Malvar, con diferentes actos culturais, sociais e educativos, abertos a participación de tódolos veciños.
2. Crear unha mesa de traballo que determine os actos a desenrolar, que estea formada por membros da dirección do centro, membros da ANpa do colexio, e os representantes das diferentes forzas políticas con representación municipal.

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez para manifestar o seu acordó para que todos os actos que se celebren contén co apoio do Concello.- Que o equipo de goberno se puxo en contacto co colexio a fin de que comuniquen se hai previsto realizar algún acto ou se xa se realizou algún e da conta do escrito remitido ó centro.- Explica que este curso cesou o equipo directivo a 30 de xuño e no mes de xullo se constituíu a nova directiva co que a contestación a remitirán en setembro; que cree conveniente esperar a ver que teñen programado, que hai que respectar a iniciativa do centro (e ofrecerlles en todo momento a colaboración do Concello) unha vez recibida a contestación; que o equipo de goberno pretende respectar os órganos de funcionamento; que se vai a propoñer que, se o consideran oportuno, que convoque o Consello Escolar porque están representados todos.

Quere recoñecer o agradecemento do pobo de Ribadumia á finada e a súa familia de parte de tódolos ribadumienses pola cesión realizada no seu día que permitiu neses momentos a construción do centro.- Que quedan a expensas do que conteste o colexio, polo que solicitan que retiren a moción tal e como está presentada e se compromete, como membro do Consello Escolar, a ir informando das xestións que se vaian realizando.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

A SRa. Peña dí que na moción se pide que se cree unha comisión de traballo; que o que se pretende é que se conmemore o aniversario e ese é o espírito da moción; que se conte co colexio e se faga en consenso coa comunidade educativa.

A Sra. Rey Pérez di que o Sr. Serantes solicitaba antes que se teña respecto polos órganos de funcionamento e con esta moción non se respecta ó Consello Escolar, no que están representados o Concello, alumnos, profesores, directivos, ANPA...

A Sra. Peña insiste en que non ve ningún problema en votar a moción e que se remita ó Colexio e este estime a qué órgano se debe someter.- Que non a vai a retirar e que se debata e vote tal e como está redactada; que sempre lle poñen pegas ás mocións presentadas polo P.P. e eles votan a favor moitas das presentadas polo equipo de goberno.

A Sra. Rey Pérez dí que co espírito da moción están de acordó, pero que se empezou ó revés, xa que primeiro ten que pronunciarse o colexio e o concello colaborar, tal como ela expuso.- Solicita que quede sobre a mesa.

O Sr. Alcalde dí que non se entende na moción é porqué non quere matizar as cousas e os matices a veces poden ser os escollos, se se consensuara o van a votar a favor, pero o P.P. a veces so obstina cos matices dos escritos.- En definitiva, entende que é o colexio o que debe ter a iniciativa.

Rematadas as intervencións o Pleno por sete votos en contra (I.R. e Grupo Mixto) e seis a favor (P.P) acorda rexeitar a moción presentada na forma en que está redactada

8º.- DAR CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO P.P. SOBRE FUNCIONAMENTO DO COLEXIO.-

Dase conta do escrito presentado polo Partido Popular no que solicita se informe do acontecido no Colexio que se lles impidiu disfrutar do recreo e facer ximnasia nas instalacións municipais que sempre utilizxaron para elo e que a través dos medios de comunicación tiveron coñecemento de queixas por unhas lesións sufridas por un escolar coma consecuencia da existenci a anomalías no parque construído recentemente diante do centro de infantil.

O Sra. Alcalde explica que a tres ou catro días de terminar o colexio a dirección tomou a decisión de que os nenos non saíran ó recreo; que o día 15 de xuño presenta un escrito a sra. Directora no que solicita se autorice a utilización das instalacións; que cando se recibiu este escrito quedaron sorprendidos (o Concello incluso lles comunicaban a celebración da comida do Tinto no pavillón); que nunca se lles prohibiu e as instalacións teñen seguro de responsabilidade civil; o concello se puxo en contacto co xefe territorial de educación para explicarlle a situación plantexada.- Da conta do escrito presentado con data



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

20 de xuño pola directora do centro e do escrito de cesión que se lles remitiu con data 28 de xuño e entende que con todos estos datos xa se da a contestación solicitada polo P.P. no seu escrito.

E insiste en que nunca se prohíbu o uso das instalación e que existe seguro de responsabilidade civil

9º.- DAR CONTA DAS AXUDAS CONCEDIDAS AS FESTAS PARROQUIAIS.-

Pola SRa. Martínez Troncoso dase conta de que tiveron varias reunión coas asociacións e comisións de festas que quixeron colaborar para a redacción das bases; se publicaron as bases elaboradas e vindo as que presentaron solicitudes se procedeu ó reparto das axudas e acordouse abrir un novo prazo de presentación xa que é o primeiro ano que se facía desta forma e detectouse que había varias asociacións que non tiñan solicitado a axuda.

Da conta da concesión das seguintes axudas:

- Asociación Cult. E Deport. Festiros de Leiro, para a Festa de San Xoán, 1.315,79 euros.
- Asociación Cultural 13 de Maio, para a Festa de Fátima, 833,34 euros
- Asociación Cultural Campo da Picoña, para a Festa de San Fiz, 818,72 euros.
- Plantel de Ribadumia, para a Festa do Carme, 584,80 euros
- Plantel de Ribadumia, para a Romaría de Santa Baia, 584,80 euros
- Asociación Cult. De Sisán, para as Festas de San Antonio e San Cristobo, 1.666,67 euros.

O Pleno dase por enterado.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- A Sra. Peña Muñiz pregunta se solicitáronse unhas subvencións convocada pola Xunta con cargo ó Plan HURBE e para Melloras de Instalacións Municipais.- Dase conta da solicitada para mellora de instalacións e que o Plan HURBE non se solicitou.

2.- Dí que ten coñecemento que hai un contedor en Mamuela (aínda que algún veciños non estaban de acordo en instálalo nese lugar) e que un particular agora está facendo unhas obras en vía pública e pide que se de unha explicación.

O sR. Alcalde di que o veciño fixo unha cimentación para unha mellor recollida do servizo e alaba a iniciativa do veciño; se entende que non molesta e se hai veciños que axudan e va en beneficio de tódolos veciños pues mellor.

A SRa. Peña dí que se tiña que haber chegado a un consenso para a colocación do contedor e así evitar enfrontamentos entre os veciños.



ILMO. CONCELLO
de
RIBADUMIA
(Pontevedra)

3.- A SRa. Peña pregunta en qué procedemento se atopa a instalación de composteiros e se se fixo o estudio ou seguemento dos que se instalaron.

O SR. González Lede contesta que o traballo non rematou porque hai que facer un estudio e que uso se lles debe dar;

4.- O SR. Roma Arcos pregunta sobre o mantemento dos campos de fútbol que como está o tema.

Se explica que o ano pasado se fixo o mantemento e este ano se fará, que o responsable de instalacións deportivas está en contacto cos responsables dos clus e se farán tódolos mantementos que sexan necesarios.

O Sr. Roma solicita que non se espere a que empece a tempada.

5.- O Sr. Serantes Alvarez pregunta quen xestiona as redes sociais e se lle indica que traballadores do Concello.

6.- O Sr. Serantes roga que a pesar das contestacións que se adopten medidas necesarias para conservar o Monte do Castro para manter as visitas ós mesmos.

O Sr. Alcalde dí que nunca houbo deixadez da que acusan; que pode leer os escritos remitidos ó respecto e dí que hai que ser máis sensatos; que a ruta se está mantendo en perfecto estado e as vías, instalacións e áreas recreativas tamen.-

Di que no que se refire ó Monte do Castro que en novembro presentaron unha moción que había que comprometerse e eles quixeron incluír que tamén se comprometerán outras administracións para que foran partícipes do mantemento e eles non aceptaron que se instara a outras administracións.- que á hora de o Concello quere manter montes limpos e todas as áreas recreativas e incluso ese xacemento; que pensa que ó P.P. non lle interesa que este o Castro limpo senon sacarlle rendemento político.- Que critique á xunta e a Fomento por non cumprir as súas competencias.-

A Sra. Peña dí que a mala imaxe de Ribadumia non a da o P.P. senon o estado do Monte que xa saíu na prensa.-

Non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as vintetres horas e cuarente e cinco minutos de todo o cual eu, como Secretaria dou fe.-

